

# **PROGRAMACIÓN**

## **EDUCACIÓN**

### **INFANTIL**

Castiñeiras Silva, Paula Patricia.

Cuíña Fernández Lucía

Cobas Valiña, Carmen

Bolaño Veiras Ana María

Fariñas Pérez, Ana M<sup>a</sup>

Fernández Busto, Luisa F.

Mirás Jorge, Ana I.

Moure Beiroa, Mercedes

Pampín Calvo, María

## **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

### **INDICE**

1. Introducción e contextualización.
2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.
3. Contribución desde as áreas ao desenvolvemento das competencias básicas
4. Obxectivos (inclúranse tamén os relacionados coa formación sobre o Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2021/2022)
5. Secuencia de contidos
6. Actividades
7. Temporalización
8. Procedementos e instrumentos de avaliación
- 9.. Criterios de avaliación
10. Avaliación do grao de consecución das competencias básicas
11. Mínimos esixibles
12. Metodoloxía didáctica, considerando as competencias básicas como elemento organizador
13. Materiais e recursos didácticos
14. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.
15. Acción de contribución ao plan LECTOR
16. Accións de contribución ao plan TIC
17. Accións de contribución ao plan de CONVIVENCIA
18. Educación en valores
19. Actividades complementarias e extraescolares
20. Procedementos para avaliar a propia programación

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Atopámonos nunha zona rural, na que se está producindo un cambio cara un tipo de zona semiurbana. O núcleo de poboación principal, do que se nutre o centro, é Bertamiráns, que é unha vila en expansión. Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar, en termos xerais, como pertencente a un estrato medio ou medio-alto. A poboación desenvolve o seu labor fundamentalmente no sector industrial e de servizos. Nos últimos anos estase producindo un crecemento da poboación que repercute nun incremento do alumnado que asiste ós centros educativos do concello de Ames en xeral e, en particular a Agro do Muíño.

Contamos cunha dobre liña educativa, polo que debemos dicir que estamos programando para 6 aulas de segundo ciclo de E.Infantil cunha xornada escolar continuada.

O horario do centro (9:30h.- 14:30h.) vese modificado este curso 2020-2021 por mor da COVID-19, realizándose unha entrada e saída escalonas. No que respecta a infantil a entrada comeza ás 9:20 h., en canto ás saídas: 3 anos (14:15h.) 4 anos (14:20h.) 5 anos 14:25h.)

As titoras do ciclo son:

- María Pampín Calvo (4ºE.I-A)
- Luisa F. Fernández Busto (4ºE.I-B)
- Ana Isabel Mirás Jorge (5ºE.I-A)
- Ana Mª Fariñas Pérez (5ºE.I-B)
- Mercedes Moure Beiroa (6ºE.I-A)
- Ana María Bolaño Veiras (6ºE.I-B)

Ademáis das mestras titoras imparten clase as seguintes mestras especialistas:

- Carmen Cobas Valiña (apoio, psicomotricidade e P.E.L.O)
- Paula Patricia Castiñeiras Silva (apoio, psicomotricidade e proxecto)
- Lucía Cuíña Fernández (inglés)
- Rosario Rodríguez Gregory (relixión católica 4ª e 6º de infantil)
- Sara Nores Rodríguez (relixión evanxélica)
- Pilar Couso Fernández (relixión católica 5º de infantil)

No segundo ciclo de E.Infantil están escolarizados neste curso 2021-22 un total de 142 alumnos/ Ademais da diversidade lóxica de cada grupo no ciclo hai varios casos de alumnos/as que presentan n.e.a.e . ,ademáis de varios casos de alerxias, intolerancias e ALERTA ESCOLAR.

Ademáis dos casos mencionados, hai varios/as alumnos/as en estudio (pendiente de diagnosticar) cos cales xa se van levar a cabo medidas de apoio dentro das posibilidades coas que contamos.

Despois de levar a cabo un estudio no centro sobre o uso da lingua e ter feito a avaliación inicial dos grupos observamos que, a súa lingua materna (na maioría dos casos ) é o castelán, polo que, para tratar de conseguir que o alumnado adquira de forma oral e escrita as dúas linguas oficiais de Galicia cando remate a súa escolaridade (Decreto 79/2010 sobre o plurilingüísmo) empregaremos como lingua de ensino-aprendizaxe o galego, para tratar de compensar esta situación lingüística.

## **2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL**

A actividade presencial desenvolverase atendendo ás medidas acollidas nos protocolos do centro. Grupo estable ( aula) e subgrupos estables de non máis de 5 alumnos/as. Este curso intentaremos retomar a asamblea ,tendo en conta as medidas COVID.

Os recreos farase por niveles.

Manteranse as medidas de hixiene e desinfección establecidas como son o emprego de xel na entrada do centro e chegada á aula, o lavado de mans antes e despois do uso dos aseos, antes e despois das merendas e sempre que sexa necesario, o emprego de máscara nos espazos comúns interiores.**(O ALUMNADO TERÁ QUE UTILIZAR MÁSCARA NOMOMENTO QUE CUMpra OS 6 ANOS DENTRO DAS AULAS)**. O EQUIPO DE CICLO RECOMENDA O USO DE MÁSCARA DENTRO DO GRUPO -AULA A TODO ALUMNADO DE 6º DE INFANTIL A PARTIRES DO SEGUNDO TRIMESTRE PARA QUE NON HAXA DISCRIMINACIÓN.

Desinfección das mesas e os materiais empregados... Contaremos con materiais de uso individual e compartido ( únicamente polos membros do subgrupo estable).

A modalidade de educación semipresencial ou non presencial, no caso de ser necesaria, levarase a cabo mediante a AULA VIRTUAL e coa ferramenta ABALAR como principal medio de comunicación coas familias, así como de maneira telefónica naqueles casos que

se consideren necesarios.

Tratarase, na medida do posible, de dar continuidade aos contidos e actividades que se desenvolven na aula, traballando de maneira coordinada entre niveis así como favorecendo tamén a realización de actividades conxuntas a nivel de ciclo e de centro. Mediante a comunicación frecuente coas familias e a presentación ( mediante vídeos, audios, arquivos Word, pdf, fotos...) do resultado das actividades propostas favoreceremos o seguimento continuo da participación do alumnado e con elo a continuidade da actividade da aula dende os fogares.

Case a totalidade do noso alumnado dispón de medios para facer posible a educación telemática. Naqueles casos de alumnado con problemas importantes en canto a conexión telemática, colaboración, implicación... porémosnos en contacto coa educadora familiar do servizo de asuntos sociais do concello.

### 3. CONTRIBUCIÓN DE CADA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:

AREA	COMPETENCIA	DESENVOLVEMENTO
<b>COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL</b>	<b>AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• autonomía</li> <li>• creatividade</li> <li>• autocrítica</li> <li>• control emocional</li> <li>• cálculo de riscos</li> <li>• planificar, secuenciar a propia acción</li> <li>• adquisición de hábitos de seguridade, hixiene...</li> </ul>
	<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• expresar sentimentos, emocións, vivencias e opinión propias.</li> <li>• Expresión oral e corporal</li> <li>• Autoconfianza respecto á diversidade de respostas.</li> </ul>
	<b>MATEMÁTICA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Secuenciar tarefas da vida cotiá</li> <li>• Operación básicas par a promover a súa autonomía</li> <li>• Obtención de información</li> </ul>
	<b>COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As partes do corpo e as súas funcións.</li> <li>• Actitudes relacionadas co fortalecemento</li> </ul>

	<b>FISICO</b>	da saúde individual e colectiva
	<b>TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actitude de interese e motivación ante as novas tecnoloxías</li> </ul>
	<b>SOCIAL E CIDADÁ</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valorar as posibilidades e limitacións propias e alleas.</li> <li>• Expresar sentimentos, emocións e necesidades dos outros.</li> <li>• Ser quen de dar e pedir axuda.</li> <li>• Respetar as normas do xogo</li> <li>• Favorecer actitudes de colaboración e hábitos de convivencia.</li> </ul>
	<b>CULTURAL ARTISTICA</b> E	<ul style="list-style-type: none"> <li>• creatividade</li> <li>• pensamento diverxente</li> <li>• apreciar diferentes manifestacións culturais</li> </ul>
	<b>APRENDER APRENDER</b> A	<ul style="list-style-type: none"> <li>• descubrir</li> <li>• explorar</li> <li>• manipular</li> <li>• formular hipóteses</li> <li>• tomar a iniciativa</li> </ul>

AREA	COMPETENCIA	DESENVOLVEMENTO
<b>COÑECEMENTO DO CONTORNO</b>	<b>AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• establecer relación de confianza, afecto e comprensión</li> <li>• empatía</li> </ul>
	<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• participación activa nos diálogos.</li> <li>• Respetar as normas que rexen as conversas.</li> <li>• Coñecer as formulas básicas que rexen os intercambios lingüísticos.</li> <li>• Expresar sentimentos e opinión utilizando diferentes linguaxes.</li> </ul>
	<b>MATEMÁTICA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Habilidades matemáticas</li> <li>• Funcionaliade das habilidades matemáticas</li> <li>• Identificación de atributos</li> <li>• Establecer relación de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación</li> </ul>
	<b>COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O pensamento lóxico na vida cotiá</li> </ul>

	<b>MUNDO FISICO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observar os cambios e modificacións da contorna.</li> <li>• Amosar interese pola conservación da contorna</li> </ul>
	<b>TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presencia das novas tecnoloxías na vida cotiá dos nenos e nenas e contribución das mesmas na búsqueda de información</li> </ul>
	<b>SOCIAL E CIDADÁ</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relacionarse cos demais respectando as normas de comportamento social.</li> <li>• Coñecer os distintos grupos sociais próximos.</li> </ul>
	<b>CULTURAL ARTISTICA E</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer as manifestacións da nosa cultura.</li> <li>• Apreciar e valorar positivamente as produción culturais propias e alleas</li> <li>• Coñecer outras culturas recoñecendoas como una fonte de enriquecemento.</li> </ul>
	<b>APRENDER A APRENDER</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observar, explorar, interpretar</li> <li>• Relacionar, medir, calcular</li> <li>• Pensamento científico, técnico, formular hipótesis.</li> </ul>

AREA	COMPETENCIAS	DESENVOLVEMENTO
<b>LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN</b>	<b>AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Autoconfianza na expresión de producións.</li> <li>• Sensibilidade estética.</li> <li>• Gusto por participar nas actividades de expresión.</li> </ul>
	<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar diversas linguaxes, verbal e non verbal</li> <li>• Intencionalidade comunicativa</li> <li>• Actitude positiva cara as linguas.</li> <li>• Comunicarse nas dúas linguas oficiais da comunidade</li> <li>• Iniciarse no uso oral da lingua estranxeira</li> <li>• Achegarse á lingua escrita utilizando diferentes tipos de textos.</li> <li>• Coñecer e reproducir diferentes tipos</li> </ul>

		de textos
	<b>MATEMÁTICA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escritura inderterminada, números ,notas musicais,</li> <li>• Iconas para poder representar os pensamentos, ideas...</li> </ul>
	<b>COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FISICO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias.</li> <li>• Utilizar as distintas linguaxes como medios de expresión, para comunicar ideas, desexos...</li> </ul>
	<b>TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das tic, como ferramentas de busca de información, creación, e expresión e comunicación.</li> </ul>
	<b>SOCIAL E CIDADÁ</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respetar as ideas, pensamentos e manifestacións dos demais.</li> <li>• Valorar a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.</li> </ul>
	<b>CULTURAL E ARTISTICA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais.</li> <li>• Iniciarse na lingua estranxeira</li> <li>• Valorar positivamente as manifestacións da propia cultura e das alleas</li> <li>• Actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais</li> <li>• Uso da biblioteca escolar como fonte de coñecemento</li> </ul>
	<b>APRENDER A APRENDER</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formular hipóteses</li> <li>• Potenciar a comprensión e a expresión lingüística</li> <li>• A biblioteca escolar como recurso</li> <li>• Pensamento crítico á hora de buscar e seleccionar fontes e recursos</li> <li>• dramatizacións</li> <li>• iniciativa propia</li> </ul>



#### **4. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO PARA CADA UNHA DAS ÁREAS.**

A situación xerada pola pandemia COVID-19 fai preciso facer fincapé nuns obxectivos propios para evitar os contaxios e favorecer que se manteña a educación presencial:

- Familiarizarse coas medidas hixiénico – sanitarias creando un entorno saudable e seguro.
- Coñecer e respetar as medidas organizativas de seguridade na aula, patios, accesos ao centro... para previr o risco de contaxio.
- Fomentar o desenvolvemento progresivo da súa autonomía respetando as medidas de seguridade.
- Descubrir, coñecer e recoñecer aos compañeiros que forman o grupo e o subgrupo estable de convivencia.
- Expresar as emocións, aumentar a confianza e compartir o vivido e sentido neste tempo.
- Favorecer a creación dun ambiente seguro e de estabilidade para o alumnado dentro da aula, que esperte o gusto pola escola e as actividades que nela se realizan.

##### **4.1 ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

1. Adquirir progresivamente unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, identificando gradualmente as súas características e cualidades persoais, así como as súas diferenzas cos demais respectando as mesmas.
2. Coñecer e representar o propio corpo as súas partes e algunhas das súas funcións.
3. Descubrir as súas posibilidades de acción e expresión controlando con maior precisión xestos e movementos.
4. Identificar e expresar os sentimentos, emocións, necesidades e preferencias propias e alleas desenvolvendo a empatía.
5. Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
6. Identificar as propias posibilidades e limitacións sendo quen de pedir e dar axuda aos iguais e os adultos.
7. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas coas seguridade, hixiene,

alimentación e o fortalecemento da saúde.

8. Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto as demais persoas.
9. Respetar as normas do xogo favorecendo así actitudes de colaboración e hábitos de convivencia
10. Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e mais evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
11. Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais-idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
12. Establecer espazos de recreo diferenciados como así o establece o protocolo do centro (tanto no interior coma no exterior) sendo estes rotatorios no 1º trimestre entre o alumnado de 5º e 6º de infantil, por semanas e incorporándose o alumnado de 4º de infantil no 2º e 3º trimestre.

## **4.2 ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO**

1. Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mais mostrando interese polo seu coñecemento.
2. Observar os cambios e modificacións do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de respecto, coidado e corresponsabilidade na súa conservación.
3. Iniciar na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
4. Relacionarse coas demais persoas de forma cada vez máis equilibrada, interiorizando progresivamente pautas de comportamento social, establecendo relacións de confianza, afecto, colaboración e comprensión.
5. Coñecer distintos grupos sociais próximos a súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
6. Apreciar e facer como seus os elementos significativos da nosa cultura galega, relacionándoas coas manifestacións doutras culturas.
7. Iniciar nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades, e establecendo relacións de

agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

8. Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e desenvolvendo problemas (establecendo relacións, explorando, medindo, pesando...)

### **4.3 ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

1. Utilizar as diversas linguaxes, verbal e non verbal, entendendoas como instrumentos de comunicación de expresión das ideas e sentimentos e de representación da realidade. Comprenden a intencionalidade comunicativa entre as persoas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.

2. Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais -o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuinos da comunicación humana.

3. Comprender que as palabras, escritura indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e invención das persoas.

4. Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, con diferentes interlocutores e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.

5. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

6. Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos, comprendendo, reproducindo, reescribindo e recreando textos.

7. Comprender, reproducir, reescribir - tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita- e recrear, textos.

8. Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.

9. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética, potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas.

10. Desenvolver os sentir de autoconfianza nas producións artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións adquirindo sensibilidade estética.

11. Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC, como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

12. Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos.

## **5. CONTIDOS DAS ÁREAS DE APRENDIZAXE DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.**

Contidos para acadar os obxectivos COVID:

- Hábitos de saúde e hixiene: a hixiene de mans, a hixiene respiratoria ( estornudo, tose...) o emprego da máscara.
- Medidas organizativas de aula e patio : grupo estable e subgrupo.
- Identificación do propio grupo e subgrupo
- Identificación do material de uso individual e compartido e as medidas hixiénicas para o seu emprego.
- Os desplazamentos controlados.
- As emocións :identificación, expresión, comprensión e superación.

### **5.1 ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

#### **5.1.1 BLOQUE 1 : O CORPO E A PROPIA IMAXE**

1. Recoñecemento progresivo das posibilidades e características do seu corpo para chegar á toma de conciencia do seu esquema corporal.
2. Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que a nena ou o neno recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos. Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran.
3. Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas que proveñen dos propios músculos e articulacións e as percepcións exteroceptivas –relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...
4. Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo –a través de xestos, movementos,xogos,danzas
5. Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
6. Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.

7. Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
8. Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo; identificación das diferentes etapas da vida valorandoas positivamente.
9. Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade, características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
10. Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co contorno e coas demais persoas.
11. Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.

### **5.1.2 BLOQUE 2 : XOGO E MOVEMENTO**

1. Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.
2. Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, como vía de deleite e relación, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas.
3. Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.
4. Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio fortalecendo vínculos afectivos -amizade, cooperación, axuda, solidariedade...comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.
5. Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade abríndose ao coñecemento e gozo dos e das outras.
6. Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas e satisfacción polo crecente dominio persoal.
7. Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvendo as habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración.
8. Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.
9. Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.

### **5.1.3 BLOQUE 3 : A ACTIVIDADE COTIÁ**

1. Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, Regulando o propio comportamento, para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos.
2. Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.
3. Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
4. Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda.
5. Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
6. Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.

#### **5.1.4 BLOQUE 4 : O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE**

1. Recoñecemento das necesidades básicas do corpo -hixiene, alimentación, descanso...
2. Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.
3. Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan e colaborando no seu mantemento.
4. Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas -vestimenta, peiteados, adobíos, coloridos ...
5. Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
6. Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.

#### **5.2 ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO**

##### **5.2.1 BLOQUE 1: MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA**

1. Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio, recoñecendo as súas

funcións e usos cotiáns; mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.

2. Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.

3. Interese pola clasificación de obxectos e materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.

4. Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas.

5. Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.

6. Utilización da acción de contar como estratexia para obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.

7.-Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer un reparto, realizar unha estimación...

8. Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.

9. Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con variadas accións.

10. Achegamento a algunhas magnitudes físicas -peso, lonxitude, capacidade, tempo a través da estimación: comparando, sopesando, observando...recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir.

11. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación ao seu uso.

12. Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.

13. Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares; nomeándoos axeitadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental.

14. Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.

15. Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.

## **5.2.2 BLOQUE 2: ACHEGAMENTO Á NATUREZA**

1. Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.
2. Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiras e compañeiros.
3. Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.
4. Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
5. Descubrimento das diferentes formas nas que se encontra a auga na natureza, comprendendo a súa contribución a desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela.
6. Identificación dos cambios que se producen en canto á luminosidade, á posición do sol, aos ciclos da lúa... ao longo dun día, dos meses e das estacións do ano.
7. Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural calor, choiva, vento, día, noite, erosión, ciclo vital...- e dos producidos pola acción humana- pontes, embalses, aeroxeradores, muíños de auga...
8. Gozo ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural un espazo para a recreación, a aventura e conservación, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.
9. Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.

### **5.2.3 BLOQUE 3: CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE**

1. Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude decolaboración e asumindo pequenas responsabilidades, recoñecendo e respectando os diferentes tipos de familias.
2. Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
3. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, amosando disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo de forma cada vez mais



autónoma.

4. Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

### **5.3 ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

#### **5.3.1 BLOQUE 1: LINGUAXE VERBAL**

##### **ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR**

1. Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.

2. Participación de forma oral en conversacións, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.

3. Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversacións, respectando quendas e escoitando atentamente.

4. Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas-saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...

5. Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situación habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.

##### **APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA**

1. Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.

2. Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.

Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas -cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas- e propiedades cualitativas variedade de grafías. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.

3. Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.

4. Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

### ACHEGAMENTO Á LITERATURA

1. Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro... tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartido.

2. Memorización, recitado e dramatización dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.

3. Participación creativa en xogos lingüísticos -encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...- acompañados de respostas corporais -xestos, movementos, ritmos..- para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.

4. Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios.

5. Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

### **5.3.2 BLOQUE 2: LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL**

1. Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.

2. Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.

3. Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica - liña, forma, cor, textura, espazo e volume.

4. Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión - cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.

5. Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa da area, retroproxeutor, encerado dixital, fotografías....- e das distintas técnicas ,debuxo, pintura, collage, amasado, modelado, escultura e a combinación de

dúas ou máis técnicas...-como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...

6. Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos descubrimentos, das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxector...

7. Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesas manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.

8. Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquejos para a consecución dunha melloría na produción.

9. Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musica

10. Vivencia do son e do silencio.

11. Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.

12. Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.

13. Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.

14. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.

15. Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as súas creacións.

16. Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e máis o intercambio afectivo.

17. Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal -mimo, monicreques, teatro de sombras...-colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

### **5.3.3 BLOQUE 3: LINGUAXE AIDUOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN**

1. Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
2. Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
3. Achegamento ao uso do ordenador, á cámara fotográfica..., nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como debuxos animados, presentacións, vídeos.... a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.
4. Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

## **6. ACTIVIDADES:**

O comezo deste curso escolar segue sendo atípico polo que debemos ter en conta no seu inicio actividades de acollida para todo o alumnado da etapa.

Debemos seguir concienciando ao alumnado nas medidas de hixiene, seguridade e desinfección para afrontar a situación de pandemia que estamos a vivir.

Por outra banda, no que respecta ás restantes actividades de infantil, levadas a cabo, para das cumprimentoa esta programación, xiran entorno ao proxecto interdisciplinar de centro (proposto dende a biblioteca- PLAMBE), que neste curso 2021-2022 será: **“Pasiño a pasião facemos o camino II”**.

Ademais deste proxecto, contamos tamén co do E.D.L.G “**Pasiño a pasião, en galego, facemos o camino II**” e co proxecto VOZ NATURA “**Por un camino respectuoso co medio ambiente**”.

As actividades que se van a desenvolver relacionadas coas aprendizaxe da lectoescritura e a lóxica-matemática serán deste tipo:

### **ACHEGAMENTO ÁLECTOESCRITURA**

Traballaremos as distintas modalidades de texto axeitadas para os nen@s destas idades. As modalidades principais serán as funcionais: nome propio, nome común, data e listas así como os contos. Tamén realizaremos actividades entorno ás linguaxes publicitaria e poética.

A escritura do seu propio nome e a dos seus compañeiros, é unha peza clave para iniciar a comprensión do sistema convencional de escritura. Partiremos do nome propio de cada nen@ porque tanto desde o punto de vista lingüista como gráfico é un modelo estable, que sempre se escribe igual, que facilita unha información segura sobre a orde dos seus elementos, que ten

un gran valor funcional tanto na vida da aula como fora e sobretudo, pola súa potencia afectiva. Algunhas das actividades realizadas son:

### **CAIXA DOS NOMES**

Para mirar, tocar e xogar, para irnos coñecendo, para comprobar que “estamos”, para buscar ó amig@,...

### **LIBRO DOS NOMES**

Libro dividido en dúas partes: por unha banda as fotografías e por outra os nomes. A súa “lectura” será facer corresponder o nome e a súa fotografía.

### **LETRAS DE FOAM E/OU MAGNÉTICAS**

Caixa con letras maiúsculas de foam e/ou magnéticas, moi manexables e resistentes, para xogar e observar, buscar “as nosas”, as do meu amig@, etc...

### **CAIXA DAS LETRAS MÓVILES**

Caixa con gabetas nas que estarán as letras móbiles ou letras plastificadas para formar palabras (no 3º trimestre)

### **PROGRAMA CLIC DOS NOMES**

Paquete de actividades Clic coas fotos e nomes dos nen@s que permitirá seleccionar o nome entre varios, ordenar as súas letras, buscar o nome coa escritura correcta, etc... (no 3º trimestre).

### **ESCRIBO O MEU NOME**

Nas follas de traballo cada nen@ escribirá o seu nome podendo utilizar de referencia para elo as tarxetas da caixa dos nomes. (*Individual*).

### **O ENCARGADO**

Cada día na asemblea sinalaremos na lista quen é o encargad@ do día e realizaremos algunha actividade de análise co seu nome: contar cantas letras ten, observar se é un nome longo ou curto, por qué letra empeza, formalo coas letras de foam,...

Tamén miraremos quen é o encargado do día seguinte, quen foi o día anterior,... intentando xustificar a resposta. (*Gran grupo*)

### **O TREN DAS LETRAS**

A mestra debuxará un tren con tantos vagóns como letras teña o nome, en cada vagón teñen que escribir unha letra do seu nome. Cada nen@ terá unha folla co número de vagóns correspondente ao número de letras do seu nome.

Nun principio esta actividades será individual pero fomentaremos que os nen@s se axuden, despois podemos facer desta actividade unha actividade grupal. Para a realización desta actividade os nen@s contarán co apoio das tarxetas identificativas.

### **OS AMIGOS DA CLASE**

Darlle ó nen@ unha folla ca súa foto e pedirlle que lle debuxe o corpo e escriba o seu nome debaixo. Con tódolos traballos podemos facer un libro dos amig@s da clase. (*Individual / pequeno grupo*)

### **BUSCO O MEU NOME BUSCO O NOME DOS AMIGOS**

Recoñecer e identificar o nome entre varios utilizando as tarxetas da caixa dos nomes. (*Individual /pequeno grupo*)

Repartir as tarxetas de cada un en un grupo de compañeir@s co mesmo material. (*Pequeno grupo*)

Darlle unha folla co seu nome entre 3 ou 4. Buscar o nome e pegarlle ó lado unha foto carné. (*Individual*)

### **REGÁLOCHE O TEU NOME**

O nen@ que dirixe o xogo vai lendo as tarxetas dos nomes e entregándoas ó seu dono mentres lle din: “Regáloche o teu nome”. O nen@ que o recibe dálle as grazas e un bico. (*Gran grupo /pequeno grupo*)

### **TIRA DE PAPEL**

Repartir a cada nen@ unha tira de papel co seu nome escrito en maiúsculas e cada letra separada por liñas. Observalo, recortalo, xogar libremente coas súas letras, ordenalo de novo e ó final, pegalo nunha folla. (*Individual / por parellas / pequeno grupo*)

### **QUEN FALTA?**

Cada día o encargado observa o panel de asistencia, lendo o nome dos nen@s que non están ese día na clase. (*Gran grupo*)

Debuxamos ós nen@s que faltan ese día nunha folla e escribimos os seus nomes. Por último contamos e anotamos cantos son. (*Gran grupo / por parellas / individual*)

### **AS LETRAS DO MEU NOME**

Repartimos unha folla cunha cuadrícula co abecedario na que deben buscar e sinalar as letras do seu nome. (*Individual / por parellas*). Podemos tamén realizar a composición do seu nome con letras móbiles.

### **NOME E ETIQUETAS**

Repartir logotipos recortados de revistas e catálogos. Que cada nen@ escolla algún no que recoñeza algunha letra do seu nome. (*Pequeno grupo / individual*)

Outras actividades tipo, sen gardar tan estreita relación co nome son:

### **DICCIONARIOS**

Levaremos a cabo un dicionario (nunha carpeta tamaño A2) no que constará unha foto e o nome de diferentes elementos( animais, plantas, ...).

### **O DIARIO DA VIDA**

Nun lugar importante da aula estará o papelógrafo no que iremos escribindo todo aquilo que nos vaia pasando na nosa vida como grupo e queiramos lembrar. Sempre escribiremos a data, e un sinxelo texto que pensaremos entre todos. Pretendemos traballar con el palabras significativas: hoxe, onte, mañá, fin,... que irán recoñecendo coa repetición e sobre todo ir descubrindo como se escribe, case como nun xogo. É unha actividade cargada de afectividade e fundamental na vida da aula. (*Gran grupo*)

### **QUE DÍA É HOXE**

O encargado localizará o día da semana, buscará a etiqueta co mesmo nome e terá que poñela no panel .

O mesmo cando toque cambiar o nome do mes.

Observar as grañas que forman estes nomes, contalas, recoñecelas nos seus nomes,... (*Gran grupo*)

### **NOME DO DEBUXO**

Os nen@s farán un debuxo sobre un tema dado,despois é necesario poñerlle título. Tamén se pode ditar o texto a mestra,que estea relacionado co tema.

### **O LIBRO DOS AMIGOS**

Repartiremos a cada familia unha plantilla con 4 apartados para que fagan unha pequena biografía do seu nen@. Con todas as follas realizaremos o “Libro dos amigos” do seguinte xeito: cada día o neno encargado presentará as súas páxinas, axudado na lectura do texto pola mestra quen recalcará este feito de ler. O libro formará parte da biblioteca da aula. (Gran grupo).

### **LISTAS**

Pídese facer unha lista do que necesitamos, por exemplo,para facer galletas. Despois utilizaremos esta lista para ir a comprar ( este é un exemplo, variará en función do proxecto que estamos traballando.

### **BUSCANDO TEXTOS POLO MUNDO**

Sempre que sexa posible e axeitado observar e reflexionar sobre os textos escritos que nos rodean: na roupa, nos carteis, nas envolturas das merendas,... ¿Qué vedes?, ¿quén ve algo máis?, ¿qué poñerá?, ¿qué letras coñeces?,... (Gran grupo / pequeno grupo / individual)

### **FACEMOS LIBROS**

Desde o principio entraremos nunha dinámica de producir pequenos libros cos nosos traballos, uns que irán a casa para compartir coas familias os nosos progresos e outros que quedarán na aula para lembrar os proxectos, para utilizar como rexistro de rutinas, para mirar e disfrutar co noso traballo e dos demais

### **RECEITAS**

- Coas receitas podemos ver unha secuenciación, non podemos facer o seguinte sen antes facer o outro, polo tanto conseguiremos que os nen@s se dean conta da necesidade de ler ben unha receita antes de cociñala.
- Esta secuenciación, tamén nos servirá para facerlles ver a características concretas das receitas: ingredientes, utensilios e elaboración.



- Podemos centrarnos na escritura do título, das lista de ingredientes e dos utensilios necesarios.
- Imos utilizar o momento do almorzo de media – mañá para traballar os menús.

### **ESCRITURA CON IMAXES**

A actividade consiste na escritura dos nomes baseándonos en imaxes. Estas imaxes poden corresponder a unha actividade realizada antes. Trátase de escribir o nome dos debuxos dos ingredientes e dos materiais que se van utilizando nese momento.

### **CONTOS**

- Os contos van ter na aula un lugar moi especial, cómodo de utilizar e coidado, presidindo o recanto da biblioteca. Do mesmo xeito, na rutina diaria haberá sempre un tempo para o conto en que nos sentaremos xuntos sen máis propósito que escoitar e gozar de historias fermosas.
- Na biblioteca de aula haberá sempre unha selección de libros, escollidos con mimo e que iremos variando periodicamente.
- Cando lemos un libro ou o mostramos facemos fincapé: no nome do autor ou autora, no título, na portada, na contraportada, nas ilustracións.

No traballo dos diversos proxectos e/ou centros de interese que vaiamos desenvolvendo ó longo do curso, intentaremos sempre achegarnos a eles desde a perspectiva da literatura (narrativa e poesía). Para elo, buscaremos e seleccionaremos materiais de calidade sobre ditos temas que iremos tamén presentando e lendo nese tempo. Tamén pode que o proceso se desenvolva ó contrario: que a partir dun conto se presente un determinado tema ou proxecto.

### **TÍTULO E ILUSTRACIÓN**

Antes de empezar a ler observaremos primeiro a portada do libro, diferenciando entre ilustración e título. Tamén, co tempo iremos interesándonos noutros textos escritos que poderán figurar nel: os autores, a editorial,... (*Gran grupo*)

### **LIBRO QUE LEVEI**

Escribir o título do libro que o nen@ levou a casa esa semana ilustrando co que máis lle gustara del. Se xuntamos os debuxos de varias semana poderemos facer un libro das nosas lecturas. (*Individual*)

## LINGUAXE PUBLICITARIA

- Os logotipos xunto cos anuncios, constitúen un material escrito moi interesante polos nen@s máis pequenos. Aparecen todo tipo de anuncios na televisión, nas revistas, nos periódicos, pola rúa... E polo tanto están ante unha serie de logotipos diferentes.
- Aproveitamos os produtos de consumo familiar ( xoguetes, marcas de coches, bebidas, canais de televisión...) Os nen@s poden recoñecer as marcas sen ler son capaces de interpretar o slogan da campaña que les acompañan, anticipándose, baseándose nunha imaxe coñecida determinada, ao texto.
- Debemos partir dos seus propios intereses, por exemplo dos produtos que traen para merendar, das marcas de bebidas... e con isto empezar o traballo concreto.
- Os logotipos é un material interesante para esta idade e co que podemos realizar algunhas actividades moi sinxelas e sempre moi relacionadas co seu contorno máis próximo.

## ETIQUETAS

Traer preparados algúns logotipos coñecidos. Observalos e intentar recoñecer que produto é e qué pon. (*Gran grupo / pequeno grupo*)

## LINGUAXE POÉTICA

- Dentro desta modalidade incluímos as poesías e as cancións.
- Temos que intentar facer gozar aos nen@s cando escoiten un poema ou canten unha canción, temos que mostrarlles este tipo de linguaxe. Que estes texto están escritos por persoas e que nos explican feitos que pasan no mundo, que reflectan os sentimentos dos seres humanos dunha maneira bonita, que cando os oímos soan ben, teñen musicalidade.
- Estará moi presente na aula desde o primeiro día pero neste nivel o traballo será fundamentalmente a nivel oral.
- A linguaxe poética serviranos para exercitar a memoria, xa que dende pequenos, se deben recitar e aprender pequenos poemas e cancións.
- As cancións e as poesías que eliximos teñen que ser moi próximas, sinxelas e curtas e ligadas a nosa cultura.
- Aproveitaremos para traballar cantigas propias do nosa cultura popular e o noso folclore.

- As poesías e as cancións son un recursos moi importante na nosa aula. Son case unha rutina diaria.

### **POEGRAMAS**

Consiste na lectura, colectiva ou individual, de poeogramas é dicir son debuxos a os que se lles asigna unha partitura de sons, os nen@s van lendo e dicindo o nome do que está debuxado ao mesmo tempo que conservan o ritmo da lectura.

Os debuxos poden substituírse por sinos, estes sinos por accións ( por exemplo: onde pon unha raia e unha palma...)

### **PALABRAS DUN POEMA**

Entre todos memorizamos unha poesía .A mestra escribe o poema na lousa axudada polos nen@s. Despois buscan algunha palabra concreta. Ao final, cada nen@, na súa folla, onde esta impreso o poema, busca e identifica estas palabras.

### **O LIBRO DAS CANCIÓNS**

Ó longo do curso iremos aprendendo cancións e xogos musicais que recolleremos nun libro ou carpeta con clasificadores, e que colocaremos na biblioteca de aula para recordar as cancións que xa sabemos, para levalo a casa, e para consultar en calquera momento.

Cando cantemos na aula iremos sinalando no texto a direccionalidade da escritura, chamando a atención sobre algunha palabra, o título, etc...

### **RIMAS E PAREADOS**

A mestra utilizará, cando sexa posible, sinxelas rimas e pareados da literatura de tradición oral, que os nen@s irán pouco a pouco memorizando e utilizando eles: para botar sortes, cando chove, cando un perde algo,...

Este tipo de literatura aporta un compoñente afectivo moi importante na vida da aula.

### **OS LIBROS CON MÚSICA**

Na biblioteca procuraremos ter sempre algún libro de poesía e/ou contos rimados que, ademais de ler e gozalo, utilizaremos para explicarlles ós nen@s que están escritos por un escritor moi especial: o poeta, que utilizou unha linguaxe diferente da dos contos, xogando coas palabras e buscando unha musicalidade.

Libros do tipo de “Lúa, lúa” ou “Miau”, de Antonio Rubio son moi apropiados neste propósito.

**Estas actividades poden considerarse “fixas” ó longo do curso, nembargante, non podemos esquecer que nos distintos proxectos que levaremos a cabo ó longo de curso, aparecerán moitas máis ocasións para traballar a lectoescritura.**

## **TRABALLO DE LÓXICA-MATEMÁTICA**

Existen moitas situacións onde o noso alumnado pode relacionarse coa numeración para entender o uso social que lle damos no noso entorno. Tratarase pois, de buscar e investigar textos numéricos, a comprensión da súa utilidade e os convencionalismos que creamos a partir deles.

Todo este traballo estará enfocado como un traballo por proxectos, onde a numeración estará contemplada como unha linguaxe que nos axuda a construír a nosa propia identidade. Empregamos números reais, cheos de significado para o noso alumnado, como así o teñen para o resto de persoas.

Traballaremos as matemáticas en distintos momentos o longo da xornada:

- As matemáticas nas rutinas: pasar lista, o tempo, poñer a data, os anos de cada un, actividades co nome propio.
- As matemáticas comúns a tódalas culturas: localizar, contar, medir, xogar, explicar, deseñar.
- As matemáticas nos contos: paxinar, número de personaxes, secuenciar, orientación espacial, partes dun conto, sintetizar, numerar, códigos.
- As matemáticas no arte: figuras xeométricas, árbore xenealóxica, planos, rutas, itinerarios, localización de obras.
- As matemáticas na nosa vida: na nosa casa, na escola, no parque, no supermercado, na biblioteca, nos medios de transporte, nos medios de comunicación ....
  - Diario de Vida ( poñemos a data, paxinamos)
  - A Corda
  - Soltar Pinzas

## **ACTIVIDADES DIARIAS E RUTINAS**

### **PASAMOS LISTA**

Na clase teremos unha lista con todas as persoas que somos, organizada significativamente a partir das datas de nacemento dende o inicio de curso. A comprensión deste orden permitiranos despois introduciremos listas ordenadas con outros conceptos arbitrarios e que os nenos lles encontren sentido.

Cada neno ten asignado un número que nos servirá para facer correspondencias número → persoa, para vernos dentro dun conxunto clase, e para calcular cantos somos ou cantos faltamos ese día.

O lado da lista teremos un panel plastificado para pór o número dos nenos que faltan ese día á clase e o número que somos.

### **O NOSO CALENDARIO**

Disporemos dun calendario DIN-3. Nel marcaremos todos os meses as datas significativas: aniversarios, saídas, actividades importantes, o tempo. Isto axudaranos a calcular os días que faltan para algún acontecemento concreto. Tamén vemos que día é hoxe, cal foi onte, e cal será mañá.

Aproveitaremos os debuxos do tempo para reflectir dalgunha maneira (cadro estatístico, táboa ...) o final do mes as características meteorolóxicas máis salientables. Grazas a isto familiarizaranse perspectivamente co signo numérico do cero, empregando na estatística para aqueles símbolos que non figuran no calendario “non choveu ningún día, nin fixo vento ...”

### **QUE DÍA É HOXE**

Xunto ó calendario da aula temos un panel que pode cubrirse cuns cartóns plastificados referidos ó día da semana, día, mes, ano, estación. Todos os días o encargado coa axuda de todos completa o panel.

### **CANTO FALTA PARA?...**

Para axudar aos nen@s a controlar o seu tempo empregaremos diariamente dous recursos que os axudarán a madurar as nocións temporais e diferenciar tanto mañá – tarde como as diferentes partes do día:

- Reloxo da aula: controlaremos o que pasa en cada momento (canto falta para a merenda, para marchar a casa ...)
- Horario de aula: na clase está presente un cadro de dobre entrada (nunha cartolina grande) que reflicte os días da semana (fixos) e das actividades que iremos facendo en cada xornada (con imaxes con velcro).

### **A FILA!**

Nos sitios onde facemos a fila os aproveitaremos matematicamente: o concepto de fila, o primeiro, o último, a orden na fila.

Cada día colocarase de primeiro o encargado e seguiranlle os demais por orden da nosa lista. O día seguinte o encargado pasará o último lugar.

### **ANIVERSARIO**

Observamos o paso do tempo, remarcando os anos que cumpren, a data do nacemento ... así aprenden que día naceron e van construíndo un coñecemento sobre os meses do ano.

### **O RECANTO DE LÓXICA- MATEMÁTICA**

Neste recanto os nenos manipulan todo tipo de recursos numéricos: bingos, crebacabezas, construcións ... Este espazo está deseñado para desenvolver obxectivos e contidos da área de Comunicación e Representación e do bloque de contidos aproximación á lóxica – matemática.

### **EXPERIENCIAS DE AULA**

Estas experiencias, poden xurdir en calquera momento. Moitas delas realízanse dentro do contexto organizador da aula, como por exemplo cando acordamos o uso dos recantos (cant@s poden ir de cada vez) ou outros como xa explicamos nas actividades das rutinas.

Fóra da aula, encontramos tamén outros ámbitos de aprendizaxe:

- Levar á aula, textos numéricos comúns ( ticket da compra, quenda de espera, lotería, entradas de cine, moedas, produtos) e analizar a súa utilidade no noso contexto social, estimulando a interacción entre o alumnado ó mesmo tempo que se aprende como empregamos a numeración na realidade e o significado que ten.

- Interpretar textos numéricos que traian os mesm@s nen@s: onde pon o prezo, se figura a data, lista de produtos, diferenciar as letras dos números ... que función ten a numeración nestes impresos, que información nos da.
- Confeccionar listas diferentes, seguindo criterios diversos, a partires de determinadas actividades: cántos somos, cánto medimos, o peso de cada un, cántos somos morenos, número de zapato ou de roupa, ...
- Buscar números na rúa: o número do noso portal ou o do noso colexio, o noso piso, o noso teléfono, a matrícula do automóbil ... Analizaremos colectivamente para que serven estes números.
- Medir obxectos, espazos cotiás e a el@s mesmos, establecendo inicialmente hipóteses sobre as lonxitudes ou a capacidade dun obxectos para despois comprobalas.
- Empregar como pauta moitas das actividades anteriormente enumeradas para introducilos na estatística: rexistro de datos, confección de táboas, interpretación de gráficos.

Na medida na que se realizarán este tipo de actividades, podemos comezar a ser conscientes de moitas outras situacións válidas para estimular o pensamento numérico e a comparación de cantidades.

## **7. - TEMPORALIZACIÓN:**

Tendo en conta que é unha programación de ciclo, terá unha duración de tres cursos, cada curso faremos as correccións e adaptación que consideremos oportunas para sacar o máximo proveito a cada nivel educativo.

Durante a aplicación desta programación iremos avaliando permanentemente para reconducir e axustar os tempos e os espazos.

## **8. E 10. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE DO ALUMNO**

A avaliación será una parte esencial da programación, que permitirá seguir o proceso que vai construíndo individual e colectivamente o noso alumnado e ao mesmo tempo nos

axuda a reconducir o noso traballo. Cada nen@ realiza as actividades segundo as súas posibilidades o mellor que pode, e non é tarefa nosa xulgar o resultado do seu traballo, senón colaborar nos seus progresos. Temos que avaliar e non cualificar. Avaliamos para axudar no proceso de aprendizaxe, non para clasificar aos nen@s.

Nos boletíns dirixidos ás familias centrarémonos nos progresos que cada unvaia facendo respecto a el mesmo. As conclusións que sacamos servirannos para avaliar a nosa práctica diaria, detectar carencias e buscar solucións.

Os instrumentos de avaliación serán:

- observación directa e sistemática ,
- análise das producións dos alumnos,
- intercambios orais cos alumn@s ,
- autoavaliación ,
- coavaliación .

Durante o mes de setembro levaremos a cabo a Avaliación inicial. A través da observación directa e da realización de pequenas tarefas en 4 e 5 anos. En 3 anos centrarémonos no modelo de observación que adxuntamos a continuación.

**NOME** .....

**OBSERVACIÓNS NA AULA**

- ADAPTACIÓN.....  
.....  
.....
- RELACIÓNS QUE ESTABLECE: .....  
.....  
.....
- LINGUAXE:.....  
.....  
.....
- HÁBITOS E AUTONOMÍA.....  
.....  
.....

Asimesmo teremos unha reunión inicial coa familia do alumnado que se incorpora por



primeira vez ao centro na que se cumprimentará a seguinte entrevista:

**EDUCACIÓN INFANTIL**  
FICHA A CUMPRIMENTAR POLAS NAIS, PAIS OU RESPONSABLES NA PRIMEIRA REUNIÓN/ENTREVISTA INDIVIDUAL

**1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A**  
Apeiros e nome: \_\_\_\_\_ Data de nacemento: \_\_\_\_\_  
Lugar de nacemento: \_\_\_\_\_ Teléfono habitual: \_\_\_\_\_ Teléfono adicional: \_\_\_\_\_  
Enderezo: \_\_\_\_\_ Data ingreso no colexio: \_\_\_\_\_ Asistencia á entrevista: \_\_\_\_\_

**2. DATOS FAMILIARES**

Familiar	Nome	Data e lugar nacemento	Estudios	Lugar de traballo	Horario	Língua falada
Paí						
Má						
Imancia						
Imancia						
Imancia						
Imancia						

Outros familiares que vivan na casa:  
Lugar que ocupa entre os irmáns/as:  
Estado actual do pai e nai:  
Língua de expresión do alumno/a:

**3. DATOS EVOLUTIVOS**  
3.1. Embarazo/ parto:  SI  NON  
Cales? \_\_\_\_\_  
3.2. Parto:  SI  NON  
Cales? \_\_\_\_\_  
3.3. Médicos: \_\_\_\_\_  
Idade na que empezou a andar: \_\_\_\_\_ Dominancia lateral:  DESTRO  ZURDO  
3.3. Datos clínicos: \_\_\_\_\_  
Idade na que comezou a falar: \_\_\_\_\_ Ten problemas ao falar?  SI  NON  
Cales? \_\_\_\_\_

**4. ASPECTOS SANITARIOS**  
Está enfermo/a frecuentemente?  SI  NON  
Ten alergia ou intolerancia a algo?  SI  NON A que? \_\_\_\_\_  
Fluoríde algún estudo médico específico?  SI  NON De que tipo? \_\_\_\_\_  
Fluoríde algún estudo psicolóxico ou pedagóxico?  SI  NON  
Cando? \_\_\_\_\_ Motivo: \_\_\_\_\_  
Necesita algún coxetado especial?  SI  NON Cál? \_\_\_\_\_  
Ten problemas de audición?  SI  NON Fixo algunha revisión? \_\_\_\_\_

Fax. 1

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Lugar: \_\_\_\_\_  
15007 Ponte  
A Coruña  
Tél: 881 866 010 e fax: 881 866 016  
http://www.educ.gal/educacion/programa/cep/programa@educ.xunta.es

Ten problemas de visión?  SI  NON Fixo algunha revisión?  SI  NON

**5. HABITOS**  
5.1. Control de esfínteres:  
De día  SI  NON  
De noite  SI  NON

5.2. De sono:  
Cantas horas dorme? \_\_\_\_\_ De \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_  
Dorme ben?  SI  NON Dorme só/soa?  SI  NON

5.3. Alimentación:  
Come co pai e coa nai?  SI  NON Que tal come? \_\_\_\_\_  
Almorza todos os días?  SI  NON  
Mira a TV mentres come?  SI  NON Come só/soa?  SI  NON

5.4. De vestido e hixiénicos:  
Ten hábitos de orde cos xoguetes, a roupa?  SI  NON  
Vístese só/soa?  SI  NON  
Asease todos os días?  SI  NON  
Lava as mans antes e despois de comer?  SI  NON  
Cepilla os dentes despois das comidas?  SI  NON

5.5. De conduta:  
Ve cumpridos todos os seus desexos?  SI  NON  
Culle parricidas a miúdo?  SI  NON  
Comparte as súas cousas?  SI  NON  
Recolle as súas cousas cando remata unha actividade?  SI  NON

Cantas horas mira a TV a diario?  1 hora  2 horas  3 horas  máis  
E nas fins de semana e vacacións?  1 hora  2 horas  3 horas  máis

**6. COMPORTAMENTO**  
O/A meu/ma filla/fillo é:  
 desconfiado/a  confiado/a  curioso/a  
 distante  mentreiro/a  revoltoso/a  
 triste  alegre  ordeado/a  
 desordenado/a  obediente  desobediente  
 dependente  independente  indiferente

**7. ASISTENCIA A OUTROS CENTROS**  
Foi antes a outro centro educativo?  SI  NON Dende que idade? \_\_\_\_\_  
Canto tempo? \_\_\_\_\_ Cantas horas ao día? \_\_\_\_\_  
Está a gusto neste colexio?  SI  NON Bota en falta o outro colexio? \_\_\_\_\_

Que cambios observou no seu/súa filla/a a partir de ir á escola? (autonomía persoal, xogos, relación cos nenos/as adultos, etc.) \_\_\_\_\_

Observacións: \_\_\_\_\_

Fax. 2

## 9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE COÑECEMENTO DE SIMESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
  - Recoñece e nomea as diferentes partes do corpo
  - Sitúa as partes do corpo en si mesmo e nos demais
  - Representa o esquema corporal
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
  - controla o seu corpo nos xogos, rutinas e tarefas da vida cotiá
  - desprázase autónomamente
  - coñece as súas posibilidades motrices
  - controla o corpo e a respiración
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
  - identifica os sentidos e a súa funcionalidade

- pode explicar con exemplos sinxelos as principais sensacións asociadas a cada sentido ,
- aprecia e valora a importancia dos sentidos como medio de percepción e comprensión do mundo que o rodea.

4.-Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.

- forma unha imaxe axustada e positiva de si mesmo:
- utiliza os recursos propios ,
- coñece as súas posibilidades e limitacións,
- emprende accións con confianza e optimismo cara a superación das dificultades.

5. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade:

- manifesta respecto e aceptación polas características das demais persoas
- amosa actitudes de axuda e colaboración

6. Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas:

- móstrase sensible aos sentimentos e estados anímicos, propios e das demais persoas.
- solicita e presta axuda.

7. Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.

- participa activamente en distintos tipos de xogo, valorando positivamente os da súa cultura e os das outras.
- desprázase en diferentes movementos: marcha, carreira, saltos...
- coordina e controla as habilidades manipulativas de carácter fino: repartir, encaixar, pinzar, suxeitar...

8. Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.

- participación activa en distintos tipos de xogo, sendo capaces de gozar do xogo colectivo
- usa adecuadamente as normas que os rexen e as actitudes de colaboración e axuda que eviten adoptar posturas de submisión ou de dominio.

9. Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e

aceptar as normas.

- ten iniciativa para levar a cabo actividades: constancia, organización, hábitos, atención, planificación, interacción, autorregulación, autovaloración, perseveranza
- adecua os espazos e os materiais apropiados
- respecta as normas establecidas

10. Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

- participa en actividades que favorecen o aspecto persoal coidado e máis un contorno limpo
- colabora na creación dun ambiente de benestar de xeito que asuman un enfoque proactivo cara á súa seguridade e benestar.

11. Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

- emprega axeitadamente instrumentos e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

## **o CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO**

1. Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles.

Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios:

- Explora os obxectos e materiais presentes no contorno ,
- Identifica propiedades físicas: cor, forma, tamaño, peso...
- Establece relacións entre as súas características ou atributos e o seu comportamento físico: caer, rodar, botar, escorregar... despois de observar mediante a experimentación sinxela ,
- É capaz de organizar a información obtida das características e cualidades dos obxectos.

2. Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.

- aplica os coñecementos adquiridos sobre o uso dos números: expresa cantidades, identifica datas, indica medidas, identifica números de teléfono, matriculas de coche, números das casas...
- demostra habilidades lóxico-matemáticas en situacións contextualizadas e significativas:

preparación de receitas, rexistros, creación de coleccións, xogos de mesa.

- establece relacións cualitativas e cuantitativas entre elementos e coleccións.

3. Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade

- propoñen e resolve problemas sinxelos da vida cotiá, formulando hipóteses, buscando alternativas, solucións e novas posibilidades, anticipando consecuencias individuais e en grupo (consensuando e negociando),

- aplica operacións como engadir, quitar, medir, ordenar e facer uso da medida, empregando unidades non convencionais.

4. Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.

- identifica e recoñece, mediante a observación e a exploración lúdica, as construcións, natureza e arte do seu contorno. Así como aspectos xeométricos básicos (liñas, puntos, rectángulos, círculos, cadrados, triángulos, esferas, cubos.

5. Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.

- identifica e emprega as nocións espaciais básicas elementais en actividades de orientación e representación espacial variadas.

6. Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.

- é quen de secuenciar e relatar empregando o vocabulario axeitado en momentos significativos.

7. Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.

- Amosa sensibilidade polos elementos da natureza tanto vivos como inertes.

- É quen de indagar nas características e funcións xerais achegándose á noción de ciclo vital constatando os cambios que este implica.

- Valora a necesidade de adoptar medidas de protección do medio e participar activamente na súa conservación.

- Reflexiona sobre os cambios na paisaxe pola intervención humana.

8. Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.

- Recoñece os cambios que se producen nas persoas ao longo da súa vida ,

- Establece relacións entre medio físico e social, identificando os cambios que afectan á vida cotiá das persoas (cambios de estación, temperatura...)

9. Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.

- Recoñece os grupos sociais máis próximos superando os estereotipos ,

- É capaz de analizar as situacións conflitivas e as competencias xeradas para un adecuado tratamento e resolución das mesmas,

- Coñece os valores e normas que rexen as convivencia.

10. Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.

- Amonsa sensibilidades cara á valoración dos servizos sociais e comunitarios do contorno: mercado, atención sanitaria, medios de transporte...superando estereotipos sexistas.

11. Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

- Coñece as principais manifestacións culturais propias e os signos que identifican outras culturas.

- Amonsa respecto cara ás outras culturas e a propia

### o **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE LINGUAXES:**

#### **COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

1. Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con

iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.

- Exprésase oralmente con claridade respondendo ás diferentes intencións comunicativas.
- Respecta as normas e hábitos que rexen as situacións comunicativas.
- Usa as fórmulas socialmente establecidas nos intercambios lingüísticos.

2. Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

- é capaz de escoitar,
- comprende mensaxes, relatos, producións literarias, descisións, explicacións, información de diferentes emisoras e participando así na vida da aula e na vida cotiá.

3. Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais, en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

- Participa en producións orais sinxelas en situacións e temas de interese: xogos, cancións, rimas, dramatizacións... previamente traballadas e contextualizadas.

4. Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desvoltas por persoas lectoras e escritoras competentes.

- Amosa interese pola linguaxe escrita, iniciándose na utilización da lectura e a escritura como medios de comunicación, de información e gozo.

5.- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo - con escritura convencional ou non con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...

- manifesta interese pola produción de textos.
- explora os mecanismos básicos do código escrito e o coñecemento das súas características.

6. Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...

- participa en actividades de escoita e lectura de textos literarios.
- amosa interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións

7. Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.

- coñece e respecta as normas de funcionamento da biblioteca: manter silencio, colocar os libros, cumprir os prazos de préstamo...
- recoñecen a biblioteca escolar como un espazo de recursos e de entretemento.

8. Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais

- usa as diferentes representacións, plásticas, musicais, corporais e audiovisuais, para plasmar as súas vivencias, emocións e sentimentos.
- amosa interese e curiosidade por incorporar nas producións libres, diferentes materiais, técnicas e recursos tecnolóxicos.

9. Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.

- gusto por experimentar e explorar as posibilidades expresivas do corpo, da voz, dos elementos plásticos e dos sons.
- expresa as distintas impresións que lle producen a cadaquén as obras artísticas.

10. Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación :

- é quen de prender e apagar o ordenador ,
- manexar o rato, identificar e usar iconas para acceder aos programas con progresiva autonomía, escanear, facer debuxos, facer fotografías...

## **10. AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **o COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.**

É a habilidade para expresar e interpretar pensamentos, sentimentos e feitos de forma oral e escrita (escoitar, falar, ler escribir), e para interactuar lingüisticamente dunha maneira adecuada en todos os posibles contextos sociais e culturais, como a educación e a formación, a vida privada , a profesional, e o ocio, utilizando:

. Coñecementos lingüísticos, textuais e discursivos (saber que...): reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que interveñen no uso da linguaxe, características, intención comunicativa e estruturas lingüísticas.

. Habilidades para usar estes coñecementos en relación coas tarefas comunicativas específicas (saber cómo).

. Saberes actitudinais e axiolóxicos (saber ser): saber escoitar, saber contrastar opinións, ter en conta as ideas e opinións dos outros, etc.

## ÁREAS IMPLICADAS NA EDUCACIÓN INFANTIL

. Área de linguaxes: Comunicación e Representación

. Todas as áreas debido ao enfoque globalizador

### 1. FALAR E ESCOITAR

A. Comprender e expresar ideas, sentimentos e necesidades.

B. Participar activamente de forma oral en conversacións.

C. Empregar axeitadamente as formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas en distintas situacións comunicativas.

D. Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais.

E. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas.

### 2. LER

A. Achegamento á lectura como medio de expresión.

B. Escoitar e comprender diferentes textos mediante a lectura en voz alta, realizada por un lector ou lectora competente.

C. Participar creativamente en xogos lingüísticos

D. Iniciación en faladoiros literarios.

### 3. EXPRESARSE NA LINGUA ESCRITA



A. Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación.

B. Iniciarse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.

## B) DIMENSIÓN, ELEMENTOS E DESCRITORES DE TAREFAS

1. FALAR E ESCOITAR: comprender e expresar mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas.

A. Comprender e expresar ideas, sentimentos e necesidades.

### **Avaliación**

- Expor un concepto, unha idea, un tema...
- Argumentar ou refutar unha opinión.
- Ofrecer ou demandar axuda.
- Expresar un desexo, emoción ou sentimento.
- Extraer e valorar a información esencial dun texto sinxelo oral ou escrito.

B. Participar activamente de forma oral en conversacións.

### **Avaliación**

- Aportar información na aula, en público, nunha asemblea, nun coloquio, faladoiros...
- Controlar e usar os elementos non verbais que acompañan a expresión oral (xesticulación, entoación, miradas...).
- Intentar ser claros e concisos nas mensaxes orais en distintos contextos.
- Amosar disfrute nas conversas grupais.

C. Empregar axeitadamente as formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas en distintas situacións comunicativas.

### **Avaliación**

- Manifestar opinións persoais de maneira argumentada en situacións de debate, de grupo de traballo ou de conversacións...
- Comprender, utilizar e valorar diferentes recursos lingüísticos de uso cotiá (saúdos, despedidas, agradecementos...) segundo a situación comunicativa.

- Achegarse as descrições nos momentos de conversa grupal á hora da contar as súas experiencias, ideas, desexos ou sentimentos.
- Atender á situación e ás reaccións do/dos receptores (saber cando iniciar a conversación, mantela, acabala, cambiar de tema, etc.).
- Manter en todo momento unha actitude dialogante, respectuosa e constructiva.

D. Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais.

### **Avaliación**

- Valorar o uso e a diversidade de linguas e culturas.
- Coñecer, respectar e valorar positivamente a diversidade lingüística da comunidade, así como a realidade plurilingüe de España, como formas de expresión dos pobos e da súa cultura.
- Coñecer as dúas linguas oficiais da comunidade en distintos contextos.

E. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas.

### **Avaliación**

- Amosar unha actitude positiva ante a lingua estranxeira.
- Participar activamente nas actividades propostas.
- Valorar positivamente as distintas linguas amosando disfrute.
- Comprender e utilizar diferentes recursos lingüísticos de uso cotiá
- (saúdos, despedidas, agradecementos...) segundo a situación comunicativa.
- Dramatizar cantigas, adiviñas, contos...na lingua estranxeira.

2. LER: comprender e facer uso de textos diversos con intencións comunicativas distintas.

A. Iniciarse na lectura como medio de expresión.

### **Avaliación**

- Amosar unha actitude positiva fronte á lectura.
- Coñecer distintos textos e traballar sobre eles.
- Coñecer as distintas partes dun conto.
- Explorar os códigos básicos da lectura.
- Traballar sobre textos con significatividade e contextualizadas.

B. escoitar e comprender diferentes textos mediante a lectura en voz alta, realizada por un lector ou lectora competente.

### **Avaliación**

- Amosar actitude de escoita ante a lectura dun texto.
- Comprender o escoitado e ser capaces de manter unha conversa ou plasmalo nun debuxo ou representación gráfica.
- Gozar da lectura.
- Fomentar a curiosidade e gusto pola lectura.
- Ampliar as capacidades de atención, reflexión e receptividade na lectura.
- Elixir lecturas apropiadas aos intereses persoais e ás necesidades de aprendizaxe.
- Recoñecer e valorar a importancia das bibliotecas, hemerotecas, internet e outras fontes de consulta, selección e contraste da información e fomentar o seu uso.
- Iniciarse na lectura como medio de expresión.

C. Participar creativamente en xogos lingüísticos

### **Avaliación**

- Amosar actitude positiva fronte aos xogos lingüísticos
- Comprender trabalingüas e adiviñas
- Coñecer as onomatopeias
- Acompañar estes xogos con xesto e movementos para divertirse.

D. Iniciación en faladoiros literarios.

- Recoñecer e valorar a importancia das bibliotecas, hemerotecas, internet e outras fontes de consulta, selección e contraste da información e fomentar o seu uso.
- Expresar a súa opinión, sentimentos e gustos fronte á literatura.
- Participar en asembleas para debatir sobre a lectura realizada.
- Amosar respecto fronte a os libros e valoralos positivamente.
- Recoñecer os libros como fonte de información.
- Coñecer as normas básicas de funcionamento das bibliotecas.
- Desenolverse autónomamente nas bibliotecas, tanto a escolar, como nos outras.

### 3. EXPRESARSE POR ESCRITO

#### A. Iniciarse na lingua escrita como medio de comunicación

##### **Avaliación**

- Recoñecer, mediante actividades significativas e contextualizadas, as formas propias da lingua escrita.
- Iniciarse na utilización da lingua escrita como medio de comunicación.
- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non con diferentes propósitos e intencións.
- Explorar os mecanismos básicos do código escrito e o coñecemento das súas características.
- Amosar unha actitude positiva fronte á lingua escrita.

#### B. Identificar palabras e frases escritas moi significativas e usuais.

##### **Avaliación**

- Identificar palabras e frases presentes no contorno inmediato.
- Traballar a linguaxe poética, periodística, publicitaria...
- Explorar a necesidade da lingua escrita e a súa funcionalidade na vida cotiá.

#### ○ **COMPETENCIA MATEMÁTICA.**

*A competencia matemática é a capacidade de identificar e entender o rol que xogan as matemáticas no mundo, emitir xuízos ben fundamentados e utilizar as matemáticas en formas que permitan satisfacer as necesidades como cidadáns.*

#### ÁREAS IMPLICADAS NA EDUCACIÓN INFANTIL

. Coñecemento do Contorno

. Todas as áreas debido ao enfoque globalizador

#### A. DIMENSIÓN E ELEMENTOS

##### 1. COMPRENDER, ORGANIZAR E INTERPRETAR A INFORMACIÓN

A. Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles.

B. Recoller, presentar e interpretar informacións sobre situacións da vida cotiá.

## 2. INICIARSE NAS HABILIDADES MATEMÁTICAS

A. Empegar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade.

B. Comparar magnitudes de peso, longitud e capacidade

C. Identificar símbolos matemáticos

D. Recoñecer algún aspecto geométrico básico ( liñas , puntos,círculos,rectángulos...)

## 3. FORMULAR E RESOLVER PROBLEMAS

A. Proponer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás.

## 1. COMPRENDER, ORGANIZAR E INTERPRETAR A INFORMACIÓN.

A. Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles.

### **Avaliación**

- Identificar propiedades físicas .
  - Establecer relacións entre as súas características e o seu comportamento físico despois de observación e mediante a experimentación sinxela.
- B. Recoller, presentar e interpretar informacións sobre situacións da vida cotiá

### **Avaliación**

- Recoller información a través da observación e experimentación directa e lúdica.
- Comprender noções temporais
- Organizar a información obtida das características e calidades dos obxectos.

## 2. INICARSE NAS HABILIDADES MATEMÁTICAS

A. Empegar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade.

### **Avaliación**

- Aproximarse ao seu valor notacional e conceptual.
- Manexar cantidades.
- Identificar datas.
- Indicar medidas.
- Identificar números de teléfono, matriculas de coche, números das casas...
- Demostrar habilidades lóxico-matemáticas en situacións contextualizadas e significativas: preparación de receitas, rexistros, creación de coleccións, xogos de mesa...

B. Comparar magnitudes de peso, longitude e capacidade

**Avaliación**

- Aplica operacións como engadir, quitar, medir, ordenar e facer uso da medida, empregando unidades non convencionais.
- Establece relacións cualitativas e cuantitativas entre elementos e coleccións.

C. Identificar símbolos matemáticos.

**Avaliación**

- Aproximarse ao coñecemento dos símbolos matemáticos dende a observación directa e actividades lúdicas.

D. Recoñecer algún aspecto xeométrico básico (liñas, puntos,círculos,rectángulos...)

**Avaliación**

- b. Identificar a través de manipulación, experimentación, observación e actividades lúdicas as formas xeométricas e as súas características.

3. FORMULAR E RESOLVER PROBLEMAS

A. Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiáns.

- Recoñecer e pratexar situacións reais susceptibles de ser formuladas en termos matemáticos.
- Enunciar problemas da vida real.

- Expoñer o proceso de resolución posible de problemas reais na linguaxe matemática correspondente.

**o COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO E NATURAL.**

Refírese á habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos e a predicción de consecuencias.

Ten como propósito a mellora e conservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos, desenvolvendo a capacidade e a disposición para lograr unha vida saudable nunha contorna tamén saudable.

Entraña a comprensión dos cambios causados pola actividade humana e a responsabilidade de cada individuo como cidadán para poder desenvolverse de xeito autónomo nun medio caracterizado polos avances científicos e técnicos, promovendo as bases dun pensamento científico e para participar nos problemas máis comúns que presentan no mundo actual.

**ÁREAS IMPLICADAS EDUCACIÓN INFANTIL**

. Coñecemento de Si mesmo e Autonomía persoal.

. Coñecemento do Contorno

. Todas as áreas debido ao enfoque globlizador

**1. COÑECER, COMPRENDER E APLICAR NOCIÓNS E EXPERIENCIAS CIENTÍFICAS E TECNOLÓXICAS BÁSICAS**

A. Achegarse aos coñecementos científicos e tecnolóxicos básicos

B. Identificar os principais riscos ambientais relacionados cos residuos.

C. Comenzar a desenvolver el pensamento científico.

**2. COMPRENDER COMO INTERACTÚAN OS SERES VIVOS E O MEDIO.**

A. Explicar os cambios na natureza, nos seres vivos e na dinámica da Terra.

B. Observar , explorar e interpretar o seu contorno mostrando interese polo seu coñecemento.

C. Coñecer os cambios que a actividade humana pode producir no medio.

### 3. VALORAR A IMPORTANCIA DO EXERCICIO FÍSICO, A NUTRICIÓN E A SAÚDE

A. Procurarse un estado de saúde física e mental óptimo,

B. Determinar os aspectos básicos dunha alimentación adecuada

C. Valorar a adopción dun estilo de vida saudable.

D. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas coa seguridade, hixiene, alimentación e o fortalecemento da saúde.

### 4. FORMULAR E RESOLVER PROBLEMAS

A. Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para resolver tarefas sinxelas.

### B. DIMENSIÓN, ELEMENTOS E DESCRITORES DE TAREFAS

#### 1. COÑECER, COMPRENDER E APLICAR NOCIÓNS E EXPERIENCIAS CIENTÍFICAS E TECNOLÓXICAS BÁSICAS

A. Achegarse aos coñecementos científicos e tecnolóxicos básicos

#### **Avaliación**

- Observar fenómenos sinxelos observables no mundo físico e natural.
- Plantexar preguntas , razoar sobre os fenómenos que se producen no medio ambiente.
- Coñecer e valorar as normas de uso adecuadas e os factores de risco derivados da utilización de diferentes máquinas, aparellos domésticos.
- Achegarse ao coñecemento das alternativas que permitan o aforro de enerxía.
- Construír artefactos axeitados á súa idade, coñecementos e experiencias

B. Identificar os principais riscos ambientais relacionados cos residuos.

#### **Avaliación**

- Achegarse aos principais tratamentos dos desperdicios e lixos para eliminalos, reciclalos ou almacenalos
- Adoptar unha actitude de protección e mellora do medio ambiente.
- Comenzar a desenvolver o pensamento científico



### **Avaliación**

- Formular hipóteses
- Buscar alternativas
- Buscar solucións e novas alternativas
- Anticipar consecuencias
- Plantexar preguntas , razoar sobre os fenómenos que se producen no medio ambiente.

## **2. COMPRENDER COMO INTERACTÚAN OS SERES VIVOS E O MEDIO.**

A. Explicar os cambios na natureza, nos seres vivos e na dinámica da Terra.

### **Avaliación**

- Comprender e valorar a incidencia da acción humana no medio.
- Comprender e valorar a necesidade de conservar a diversidade na Terra.
- Determinar accións positivas para a preservación do contorno.
- Comprender a relación de utilidade que se establece entre os homes e as mulleres e o resto dos seres vivos.

## **3. VALORAR A IMPORTANCIA DO EXERCICIO FÍSICO, A NUTRICIÓN E A SAÚDE**

A. Procurarse un estado de saúde física e mental óptimo.

### **Avaliación**

- Valorar a adopción dun estilo de vida saudable para si mesmo e para os demais.
- Desenvolver a capacidade para lograr una vida saudable en un entorno saudable.

B. Determinar os aspectos básicos dunha alimentación axeitada.

### **Avaliación**

- Valorar a importancia dunha alimentación adecuada para a saúde.
- Coñecer as bases dunha alimentación adecuada e adaptada a cada etapa da vida.

C. Valorar a adopción dun estilo de vida saudable.

### **Avaliación**

- Previr situacións de risco para a saúde.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

## **4. FORMULAR E RESOLVER PROBLEMAS**

A. Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para resolver tarefas sinxelas.

### **Avaliación**

- Identificar e resolver problemas de diversos da vida cotiá.
- Identificar os efectos beneficiosos e prexudiciais asociados ás distintas solucións que se poidan propor.

## **4. TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

A competencia dixital entraña o uso seguro e crítico das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) para o traballo, o lecer e a comunicación. Susténtase no uso de computadores para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, e comunicarse e participar en redes de colaboración a través de Internet.

As TIC permitirán actuar con destreza e seguridade na sociedade da información e a comunicación, aprender ao longo de toda a vida e comunicarse sen as limitacións das distancias xeográficas nin dos horarios dos centros educativos.

O alumnado necesita ser competente no tratamento da información que recibe a través de numerosas canles. A escola, neste sentido, deixou de ser a principal fonte subministradora de información para transformarse no lugar máis indicado para desenvolver a competencia no tratamento da información.

E é que, dispor de información non produce de forma automática coñecemento. Transformar a información en coñecemento esixe de destrezas de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e facer referencias e deducións de distinto nivel de complexidade; en definitiva, comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento.

## **ÁREAS IMPLICADAS EDUCACIÓN INFANTIL**

. Área de Linguaxes: Comunicación e Representación

. Todas ás áreas debido ao enfoque globalizador.

#### A. DIMENSIÓNS E ELEMENTOS DA COMPETENCIA

##### 1. ACHEGARSE Á COMPETENCIA DIXITAL.

A. Coñecer e usar os sistemas informáticos.

B. Achegarse ao uso do ordenador e da cámara fotográfica

C. Coñecer e usar algúns programas básicos.

##### 2. ANALIZAR E TRATAR A INFORMACIÓN.

A. Valorar a importancia das tecnoloxías como fonte de información.

#### B. DIMENSIÓN, ELEMENTOS E DESCRITORES DE TAREFAS

##### 1. ACHEGARSE Á COMPETENCIA DIXITAL.

A. Coñecer e usar os sistemas informáticos.

#### **avaliación**

- Distinguir os principais elementos e o seu uso.
- Respectar o material común.
- Realizar procuras de información a nivel básico.

B. Achegarse ao uso do ordenador e da cámara fotográfica.

#### **Avaliación**

- Coñecer os procedementos básicos de manexo do ordenador e da cámara fotográfica.
- Participar a través das ferramentas que ofrece a rede en traballos cooperativos e en sistemas de comunicación grupal.

C. Coñecer e usar algúns programas básicos.

#### **Avaliación**

- Utilizar programas educativos e curriculares que permitan realizar creacións plásticas e musicais, recitais literarios...
- Manexar o rato, identificar e usar iconas para acceder aos programas con progresiva autonomía, escanerar, facer debuxos, facer fotografías

## 2. ANALIZAR E TRATAR A INFORMACIÓN.

A. Valorar a importancia das tecnoloxías como fonte de información

### **Avaliación**

- Iniciarse no uso dos buscadores de información.
- Saber pedir axuda para buscar á información.

## 5. COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ.

Trata das formas de comportamento que facultan ás persoas para participar dunha maneira eficaz, construtiva e creativa na vida social e profesional e, no seu caso, para resolver conflitos. Á súa vez prepara para participar plenamente na vida grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas, e ao compromiso de participación democrática.

Esta competencia permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo no que se vive, sendo capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos demais..

Dende a educación infantil contribuírase ao desenvolvemento desta competencia traballando as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos da convivencia, axudan a resolvelos con actitude constructivista e a tomar decisións con autonomía.

### **ÁREAS IMPLICADAS EDUCACIÓN INFANTIL**

- . Área de Coñecemento de Si Mesmo e Autonomía Persoal
- . Área de Coñecemento do Contorno
- . Todas as áreas debido ao enfoque globalizador

## A. DIMENSIÓN E ELEMENTOS DA COMPETENCIA

### 1. DISPOR DE HABILIDADES SOCIAIS PARA CONVIVIR EN SOCIEDADE

A. Identificar as propias posibilidades e limitacións sendo quen de pedir e dar axuda aos iguais e aos adultos.

B. Adquirir habilidades para afrontar conflitos persoais ou interpersoais.

C. Traballar/xogar en equipo.

D. Empregar distintas linguaxes como instrumentos de comunicación, expresión e representación.

### 2. PARTICIPAR NA VIDA CÍVICA E SOCIAL

A. Respetar as normas do xogo favorecendo así actitudes de colaboración e hábitos de convivencia.

B. Adoptar actitudes e comportamentos democráticos.

C. Interiorizar pautas de comportamento social.

### 3. COMPRENDER A REALIDADE HISTÓRICA E SOCIAL E A SÚA EVOLUCIÓN

A. Coñecer distintos grupos sociais próximos a súa experiencia, algunha, das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.

B. Apreciar e facer como seus os elementos significativos da nosa cultura, relacionándoas coas manifestacións de outras culturas.

## B. DIMENSIÓN, ELEMENTOS E DESCRITORES DE TAREFAS

### 1. DISPOR DE HABILIDADES SOCIAIS PARA CONVIVIR EN SOCIEDADE

A. Identificar as propias posibilidades e limitacións sendo quen de pedir e dar axuda aos iguais e aos adultos.

#### **Avaliación**

- Valorar as posibilidades e limitacións propias e alleas.
- Ser quen de dar e pedir axuda.

- Coordinar e controlar o propio corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo á acción cos iguais.
- Emprender accións con confianza e optimismo cara á superación das dificultades.

B. Adquirir habilidades para afrontar conflitos persoais ou interpersoais.

### **Avaliación**

- Eludir perigos, achegar solucións.
- Aprender a actuar con prudencia na asunción de riscos.
- Saber asumir pequenas responsabilidades
- Adoptar unha actitude positiva ante o esforzo persoal e colectivo como forma de mellorar
- Afrontar os pequenos conflitos da vida cotiá.
- Aceptar as diferenzas.
- Amosar autonomía nas rutinas diarias.
- Respetar aos iguais.

C. Traballar /xogar en equipo

### **Avaliación**

- escoitar e respectar opinións dos iguais.
- Atender á consecución de metas, a partir da motivación cara o logro e a mellora do coñecemento.
- Respetar as normas do xogo.
- 

D. Empregar distintas linguaxes como instrumentos de comunicación, expresión e representación.

### **Avaliación**

- Expresar sentimentos, emocións e necesidades dos outros e de si mesmos.
- Valorar a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Respetar as normas e hábitos que rexen a situación comunicativa.

## 2. PARTICIPAR NA VIDA CÍVICA SOCIAL E DEMOCRÁTICA

A. Respetar as normas do xogo favorecendo así actitudes de colaboración e hábitos de convivencia.

### Avaliación

- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.
- Amosar actitudes de colaboración e axuda que eviten posturas de submisión e dominio.

B. Adoptar actitudes e comportamentos democráticos.

### Avaliación

- **Coñecer** as principais institucións democráticas existentes a nivel da súa localidade, Galicia, España e Europa.
- Recoñecer, criticar e combater os prexuízos sociais de toda índole (sexistas, relixiosos, culturais, étnicos, económicos...).
- Valorar a diversidade cultural como factor de enriquecemento, coñecemento mutuo e integración dos pobos.
- Manter un comportamento cívico respectando as normas sociais que regulan a convivencia e participando nas canles establecidas democraticamente para propor, no seu caso, os cambios que se desexen.

C. Interiorizar pautas de comportamento social.

### Avaliación

- Relacionarse cos demais repectando as normas de comportamento sociais.
- Coñecer os valores e normas que rexen a convivencia.

## 3. COMPRENDER A REALIDADE HISTÓRICA E SOCIAL E A SÚA EVOLUCIÓN

A. Coñecer distintos grupos sociais próximos a súa experiencia, algunha, das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.

### Avaliación

- Coñecer distintos grupos sociais próximos.

- Respetar as ideas, pensamentos e manifestacións dos demais.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade

B. Apreciar e facer como seus os elementos significativos da nosa cultura, relacionándoas coas manifestacións de outras culturas.

### **Avaliación**

- Coñecer as principais manifestacións culturais propias e os signos que identifican outras culturas.
- Amosar respecto cara ás outras culturas e a propia.

## **6. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA.**

Esta competencia supón a apreciación da importancia da expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios audiovisuais, incluída a música, as artes escénicas, a literatura, a tecnoloxía e as artes plásticas.

Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar diferentes manifestacións tecnolóxicas, culturais e artísticas, utilízalas como fonte de goce e enriquecemento persoal e considéralas como parte do patrimonio cultural dos pobos. Pódense sinalar as seguintes dimensións para agrupar os elementos que caracterizan esta competencia: creatividade, uso de linguaxes artísticas e técnicos, participación en manifestacións culturais e valoración do Patrimonio.

### **ÁREAS IMPLICADAS EDUCACIÓN INFANTIL**

- . Área de Coñecemento do Contorno
- . Area de Linguaxes: Comunicación e Representación
- . Todas as áreas debido ao enfoque globalizador

### **A. DIMENSIÓN E ELEMENTOS DA COMPETENCIA**

#### **1. SABER APRECIAR E DESENVOLVER A CREATIVIDADE.**

A. Mostrar iniciativa e ideas propias e orixinais.



B. Disfrutar deseñando e desenvolvendo proxectos artísticos, tecnolóxicos e culturais

C. Desenvolver as habilidades perceptivas na creación tecnolóxica, artística e cultural.

## 2. COÑECER E USAR AS DISTINTAS LINGUAXES ARTÍSTICAS E TÉCNICAS

A. Expresarse mediante distintos códigos artísticos e técnicos.

B. Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións a través de diferentes linguaxes e manifestacións.

## 3. PARTICIPAR EN MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS E CULTURAS.

A. Comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte, o deporte e a cultura.

B. Interesarse e gozar coas obras de arte e outras manifestacións culturais.

C. Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

## 4. VALORAR O PATRIMONIO ARTÍSTICO E CULTURAL

A. Familiarizarse coas manifestacións tecnolóxicas, artísticas e culturais.

B. Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

## B. DIMENSIÓN, ELEMENTOS E DESCRITORES DE TAREFAS

### 1. SABER APRECIAR E DESENVOLVER A CREATIVIDADE.

A. Mostrar iniciativa e ideas propias e orixinais.

### **Avaliación**

- Expresar ideas propias utilizando distintas linguaxes artísticas e técnicas.
- Respetar e valorar a liberdade de expresión.
- Valorar a diversidade cultural como fonte de enriquecemento.

B. Disfrutar deseñando e desenvolvendo proxectos artísticos, tecnolóxicos e culturais.

### **Avaliación**

- Desenvolver o sentido estético mediante a expresión artística e literaria.
- Percibir e expresar as percepcións e sentimentos ante as creacións artísticas.
- Gusto pola participación en experiencias artísticas e culturais compartidas.

C. Desenvolver as habilidades perceptivas na creación tecnolóxica, artística e cultural.

- Aprecia e valora a importancia dos sentidos como medio de percepción.
- Pode explicar con exemplos sinxelos as principais sensacións que lle provocan as diferentes manifestacións artísticas.

## **2. COÑECER E USAR DISTINTAS LINGUAXES ARTÍSTICAS E TÉCNICAS**

A. Expresarse mediante distintos códigos artísticos e técnicos.

### **Avaliación**

- Disfrutar utilizando os materiais, técnicas e recursos que empregan as diferentes linguaxes artísticas.
- Utilizar diversas técnicas artísticas (plásticas, musicais, corporais...) para a realización de creacións propias, individualmente ou en grupo.

B. Facilitar o acceso ás manifestacións culturais e artísticas para ser capaz de valoralas.

- Fomentar a sensibilidade e a adquisición do sentido estético.

## **3. PARTICIPAR EN MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS E CULTURAIS.**

A. Comprender e enriquecerse coas producións do mundo da arte, o deporte e a cultura.

### **Avaliación**

- Coñecer, respectar e participar, no seu caso, en diversas actividades artísticas, culturais e deportivas.

B. Interesarse e gozar coas obras de arte e outras manifestacións culturais

### **Avaliación**

- Apreciar as calidades estéticas de obxectos, sons e outros elementos da contorna.
- Aprender a valorar as calidades estéticas das produccions artísticas.

#### 4. APRENDER A VALORAR O PATRIMONIO ARTÍSTICO E CULTURAL

A. Familiarizarse coas manifestacións tecnolóxicas, artísticas e culturais.

##### **Avaliacion**

- Coñecer as características máis básicas das principais obras do Patrimonio artístico e cultural do seu entorno.

B. Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

##### **Avaliación**

- Respetar, valorar e colaborar na conservación, divulgación e mellora do Patrimonio do seu entorno.

#### **7. COMPETENCIA APRENDER A APRENDER.**

Aprender a aprender é a habilidade para iniciar a aprendizaxe e ser capaz de continuo de xeito cada vez máis autónoma. Ser consciente do propio proceso e das necesidades de aprendizaxe de cada cal, buscar as oportunidades dispoñibles, recoñecer as potencialidades e limitacións persoais e ser capaz de sacar proveito das primeiras e de superar as segundas co fin de culminar a aprendizaxe con éxito.

Significa, non só, adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades, senón tamén saber buscar axudas e recursos que o faciliten, co fin de aplicar o aprendido a diversos contextos da vida cotiá e escolar, mantendo unha actitude de curiosidade, confianza e seguridade nun mesmo.

#### **ÁREAS IMPLICADAS EDUCACIÓN INFANTIL**

. Todas as áreas debido ao enfoque globalizador .

## A. DIMENSIÓN E ELEMENTOS DA COMPETENCIA

### 1. APRENDER A COÑECERSE A SI MESMO .

A. Adquirir habilidades para desenvolver as capacidades intelectuais propias.

### 2. VALORAR O ESFORZO E A MOTIVACIÓN

A. Adoptar actitudes positivas cara o esforzo persoal.

B. Sentir curiosidade e gusto por aprender e por facer as cousas ben feitas.

### 3. ADQUIRIR OS HÁBITOS DE TRABALLO INTELECTUAL

A. Coñecer e utilizar estratexias e técnicas de aprendizaxe e de traballo intelectual

B. Valorar a regularidade e constancia do traballo diario

## B. DIMENSIÓNS, ELEMENTOS E DESCRITORES DE TAREFAS

### 1. APRENDER A COÑECERSE A SI MESMO

A. Adquirir habilidades para desenvolver as capacidades intelectuais propias.

#### **avaliacion**

- Avanzar no coñecemento realista e positivo de se mesmo, das calidades intelectuais, intereses e limitacións persoais.
- Adquirir as estratexias básicas adecuadas para desenvolver as capacidades intelectuais.
- Solicitar axuda se é necesario. Axudar e colaborar con outras persoas.
- Saber o que se pode facer por un mesmo e o que se debe facer con axuda doutras persoas ou con recursos.

### 2. VALORAR O ESFORZO E A MOTIVACIÓN

A. Adoptar actitudes positivas cara o esforzo persoal

#### **Avaliación**

- Propoñerse pequenas metas alcanzables a curto prazo e cumprilas.
- Adoptar unha actitude de superación e de mellora persoal.

B. Sentir curiosidade e gusto por aprender e por facer as cousas ben feitas.

### **Avaliación**

- Ser capaces de afrontar novos retos de adquisición de coñecementos e habilidades, tanto de xeito individual como integrándose en traballos colaborativos.

## **3. ADQUIRIR OS HÁBITOS DE TRABALLO INTELECTUAL**

A. Coñecer e utilizar estratexias e técnicas de aprendizaxe e de traballo intelectual

### **Avaliación**

- Progresar na secuenciación das tarefas.
- Avanzar no desenvolvemento de diferentes habilidades como: formular hipóteses, tomar a iniciativa, construción, observación, experimentación, manipulación, autorregulación, perseveranza, organización... como habilidades necesarias para a aprendizaxe.

B. Valorar a importancia da regularidade e constancia do traballo

### **Avaliación**

- Ser constantes no traballo para a satisfacción persoal.
- Practicar distintas actividades e estratexias de aprendizaxe.

C. Analizar e avaliar os erros no proceso de aprendizaxe persoal.

### **Avaliación**

- Adoptar unha actitude de superación e mellora.
- Saber procurar a axuda adecuada.
- Colaborar en tarefas de carácter cooperativo, en pequeno e gran grupo, adoptando unha actitude construtiva e colaborativa na consecución de metas comúns.

## **8. COMPETENCIA PARA A AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.**

Esta competencia refírese á posibilidade de aprender e decidir de xeito cada vez máis autosuficiente, así como optar con criterio propio para desenvolver distintas alternativas facéndose responsable delas, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

Por iniciativa e actitude emprendedora ha de entenderse a habilidade da persoa para transformar as ideas, os proxectos, en actos. Está relacionada coa creatividade, a innovación e a asunción de riscos, así como coa habilidade para planificar e xestionar proxectos co fin de alcanzar obxectivos.

## **ÁREAS IMPLICADAS EDUCACIÓN INFANTIL**

. Área de Coñecemento de Si Mesmo e Autonomía Persoal

. Todas as áreas debido ao enfoque globalizador.

### **A. DIMENSIÓNS E ELEMENTOS DA COMPETENCIA**

#### **1. SABER TOMAR DECISIÓNS E TER INICIATIVA E ACTITUDE EMPRENDEDORA.**

A. Tomar decisións que atañen ao desenvolvemento das actividades da súa vida persoal, social e académica.

B. Desprazase autónomamente

C. Mostrar iniciativas e ideas propias.

D. Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade

E. Adaptarse a novas situacións e novos retos persoais e académicos.

F. Cultivar un pensamento diverxente, crítico e orixinal.

#### **2. SABER REALIZAR PROXECTOS**

A. Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá.

B. Valorar positivamente a colaboración e o traballo cooperativo na realización de proxectos.

C. Integrarse en proxectos de traballo en equipo e individual.

### **B. DIMENSIÓNS, ELEMENTOS E DESCRITORES DE TAREFAS**

#### **1. SABER TOMAR DECISIÓNS E TER INICIATIVA E ACTITUDE EMPRENDEDORA.**

A. Tomar decisións que atañen ao desenvolvemento das actividades na súa vida persoal, social e académica.

**Avaliación**

- Tomar decisións persoais, considerando distintas alternativas, anticipando as consecuencias.
- Ter un coñecemento positivo de sí mesmo, das súas calidades persoais, intereses e limitacións.

B. Desprazarse autónomamente

**Avaliación**

- Coñecer os diferentes espazos e as normas que os rexen.

C. Mostrar iniciativa e ideas propias.

**Avaliación**

- Mostrar iniciativa e as ideas propias e verbalizalas ante outros.
- Emprender accións con confianza e optimismo cara a superación das dificultades

D. Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade

**Avaliación**

- Formar unha imaxe axustada e positiva de si mesmo
- Utilizar os recursos propios

E. Cultivar un pensamento diverxente, crítico e orixinal

**Avaliación**

- Preguntarse a si mesmos sobre ideas ou feitos da realidade.
- b. Desenvolver un pensamento e unha moral cada vez máis autónomos.

## 2. SABER REALIZAR PROXECTOS

A. Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá.

### **Avaliación**

- Dar iniciativas tendo en conta os intereses e capacidades del mesmo e do grupo.
  - Ten iniciativa para levar a cabo actividades.
  - Adecua os espazos e os materiais apropiados.
- A. Valorar positivamente a colaboración e o traballo cooperativo na realización de proxectos.

### **Avaliación**

- Buscar o acordo, o contraste de estratexias e puntos de vista, a integración de diversas calidades persoais, a corresponsabilidade e a avaliación conxunta dos resultados.
- Valorar o esforzo e a perseveranza na execución de proxectos persoais e escolares.

B. Integrarse en proxectos de traballo en equipo.

### **Avaliación**

- Valorar positivamente as ideas dos demais.
- Gusto por participar nos diálogos e nas votacións democráticas que rexen as elección dos nosos temas de investigación.
- Asumir pequenas responsabilidades en favor do grupo.

## **11. MÍNIMOS ESIXIBLES.**

### **ÁREA DE AUTOCONECIMIENTO E AUTONOMÍA**

- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes .
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Planificar e secuenciar a propia acción para resolver tarefas sinxelas e progresar na súa autonomía.
- Identificar e expresar os sentimentos, emocións, necesidades e preferencias propias e alleas.

### **ÁREA DE COÑECIMIENTO DO CONTORNO E INTERACCIÓN CO MUNDO**



- Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios.
- Empregar os números (ata o 10) para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos -liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, cubos e prismas.
- Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.
- Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.
- 

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación.
- Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
- Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvoltas por persoas lectoras e escritoras competentes.
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

## **12. METODOLOXÍA DIDÁCTICA .**

Dende o punto de vista da educación e a súa práctica, entendemos por principios metodolóxicos aqueles principios ou postulados fundamentais que se establecen como guía práctica e que, á súa vez están sustentados por teorías que pertencen ó ámbito educativo e tamén a ámbitos científicos específicos.

A incorporación das competencias básicas no currículo obriga a reformular a práctica educativa. Precísase un cambio, débense abandonar os tradicionais modelos de transmisión do coñecemento por modelos que permitan a mobilización de diferentes recursos cognitivos.

O paradigma educacional referente debe ser o de “aprender a aprender” e de “aprender facendo”. Cómpre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica.

Unha xestión docente baseada na formación de competencias ten que asumir estratexias didácticas que afonden no proceso e que destaquen a función orientadora da mestra e do mestre.

Os principios de intervención educativa concretámoslos deste xeito:

➤ **“aprender a aprender” e “aprender facendo”**

partir dos coñecementos previos que os alumn@s teñen sobre o tema, unha vez coñecidos, iranse resentando os novos que teñan significatividade lóxica e psicolóxica a través de actividades que esperten o seu interese e motivación.

- Prestarase especial atención á adecuada distribución do espazo e do tempo co fin de que os nen@s sexan os protagonistas da súa aprendizaxe.
- Enfoque globalizador, entendido tamén como potenciador do desenvolvemento da capacidade de comprensión, que lle permita ao alumnado relacionar as informacións ou experiencias previas coas novas que vai descubrindo, integrándoas e incorporándoas para favorecer a construción de coñecementos.
- Crear situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Organización dos proxectos e secuencias didácticas consensuadas, negociadas e levadas a cabo colectivamente.
- Formulación de preguntas abertas que leven á investigación.
- A afectividade é o fío condutor.
- O xogo como motor de aprendizaxe para eliminar así a falsa dicotomía entre traballo escolar e xogo.
- Favorecer o traballo cooperativo, abrir a escola ao contorno. Facilitar e promover a colaboración e a coordinación da escola e as familias.
- Fomentar o desenvolvemento de capacidades. O nen@ investiga, planifica, busca e recolle información, procesa, formula hipóteses, argumenta, debate, discute, crea, resolve problemas, establece relacións, compara, analiza, observa, imaxina...
- Potenciar a autonomía persoal, o sentido crítico, e valores como a democracia e a participación.

*O alumno é copartícipe en todo o proceso, non un mero executador.*

### **13. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR**

Con carácter xeral, o emprego dos materiais e recursos didácticos estarán en función tanto dos obxectivos que se pretenden como da metodoloxía a empregar.

Os materiais que se empregan coa intención de favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe son os seguintes:

- biblioteca escolar e de aula
- aula de audiovisuais
- pizarra dixital
- material de psicomotricidade e educación física
- programas audiovisuais e informáticos
- ordenador de aula
- tablet
- recursos multimedia
- recurso tics: internet, páxina web do centro, outras páxinas web, correo electrónico, chats...
- materiais manipulativos
- materiais de laboratorio
- materiais curriculares:
- libros do alumno e material de uso xeral.
- programas de centro: proxecto lector, PELO, cálculo mental,...
- fichas de ampliación e reforzo
- dicionarios de aula

### **14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Dado que cada neno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe adoitan ser distintos, entendemos que se deben realizar actividades que reforcen as aprendizaxes duns e , actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de recuperación realizaranse , en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno/a e o seu ritmo de traballo.

Consideramos momentos propicios para levar a cabo actividades de recuperación e reforzo:

- ❖ As asembleas de comezo e final de clase ,para animar os máis inhibidos a que participen ,
- ❖ Os xogos de autonomía persoal e de expresión corporal e musical,
- ❖ os recunchos, co contacto directo da mestra.

Despois de reforzar individualmente ou en pequenos grupos os nenos/as e si vemos que sería necesario un apoio máis concreto, poñerémonos en contacto coa orientadora do centro ,previa información ás familias.

Toda esta acción sempre terá presente o establecido nos seguintes documentos do centro.

- Plan de atención á diversidade
- Plan de acción tutorial
- Plan de orientación
- Plan de convivencia e contratos-programa

Como xa se mencionou con anterioridade case a totalidade do alumnado ten acceso a servizos informáticos e de internet, exceptuando algún caso no que é precisa a mediación da educadora familiar do departamento de asuntos sociais do concello, sendo unha problemática non só de fenda dixital senon tamén de participación , colaboración e implicación.

## **15. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DO CENTRO**

Seguirase o establecido no Proxecto Lector do centro así como as establecidas no apartado de actividades e o Plan de Estimulación da lingua oral.

Dende a biblioteca do centro prográmanse actividades acordadas na PXA e son aquelas que implican a toda a comunidade educativa. Estas están relacionadas co proxecto anual de innovación, días específicos , semanas culturais,.....

### **ACTIVIDADES ANUAIS:**

Todas as aulas do centro participan do itinerario lector mediante dous contos: un en galego e outro en castelán.

Fanse exposicións de libros de novidades, semanas culturais, de medo, libros bonitos, etc.

Este curso retomamos os faladoiros do muíño e a mochila viaxeira.

Ademais das anteriores realizaranse todas aquelas máis específicas relacionadas co Proxecto anual, que este ano continuamos co mesmo do curso pasado ; “ Pasiño a pasiño facemos o caminoII”.

## **16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

Seguirase o establecido no proxecto das TICS.

Nas aulas contamos con proxectores, ordenadores de sobremesa e Tablet que empregaremos de diferentes xeitos co noso alumnado (na aula de 3 anos A, 4 anos Ae 5 anos B dispoñen tamén de PDI). Non é posible este curso a aula de informática posto que se habilitou para os desdobles establecidos nos protocolos COVI\_19.

## **17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Tendo en conta en todo momento os obxectivos do plan establecido polo centro dende a aula de infantil levaremos a cabo actividades que favorezan a convivencia entre o alumnado e adaptadas ao tipo e nivel de conflitos cos que nos podemos atopar nas nosas aulas, baseadas nos seguintes aspectos:

- O traballo en equipo
- O emprego de contos na aula nos que se fomenten valores como a colaboración , o respecto hacia un mesmo e os demais, a empatía...
- Xogos colaborativos no tempo de recreo... Todas elas mantendo as medidas de hixiene e desinfección propias do momento.

## **18. EDUCACIÓN EN VALORES**

Un dos fins da educación infantil é o de potenciar a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres. Ademais a educación infantil en valores presentaráse como un conxunto de contidos que interáctuan en todas as áreas do currículo e o seu desenvolvemento afecta á globalidade do mesmo. Presentarase especial atención a:

- educación moral e cívica
- para a paz
- educación para a saúde
- educación sexual
- educación ambiental
- educación vial
- educación do consumidor

-educación non sexista

-educación para o lecer .

### **19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:**

Debido á situación actual na que nos atopamos (COVID\_19) non se levaran a cabo actividades de portas abertas complementarias e extraescolares para o curso 2021-2022 .

SEGUIREMOS AS MARCADAS POLO CALENDARIO ESCOLAR(ordem do 19 de xuño)

É importante que a persoa docente teña moi claros cales son os contidos que pretende traballar na visita, e non saír por saír, ou pretender observar e explorar todos os elementos da contorna. En calquera caso, sempre existirá unha finalidade traducida en obxectivos, un deseño e unhas actividades que estean inxeridas na programación xeral e que permitan aproveitar ao máximo este recurso. O aproveitamento da activade non finaliza coa volta ao centro. Durante o día ou os días seguintes pódense crear situacións de comunicación e intercambio do que se viu e do material recollido, así como animar as criaturas a que o expresen mediante distintas linguaxes. Todo iso dará lugar a suscitar actividades que provoquen novos interrogantes e reforcen certas adquisicións. Estas saídas didácticas reflexaranse nas programación de actividades complementarias e extraescolares e estarán recollidas na programación xeral anual do centro.

### **20. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

A avaliación forma parte do proceso educativo. Ten unha función de retroalimentación, non só se avalía o proceso de ensino-aprendizaxe, senón tamén a práctica docente, o centro,.....

A avaliación lévase a cabo para adecuar permanentemente a acción educativa ás necesidades do alumnado.

Qué, cómo e cando avaliar ?

Qué avaliamos na nosa programación ?

Avaliamos a adecuación dos obxectivos e contidos na aula.

Avaliamos a nosa posta en práctica, e se acadamos os obxectivos propostos, se fallamos e en qué, se é viable ou non a nosa programación.

Tamén avaliamos a implicación das familias e da comunidade educativa en xeral.

Cando?

Nas avaliacións trimestrais, no momento de facer a valoración do trimestre é o momento de ver e debater a viabilidade do programado.

Asemade haberá unha avaliación final que queda reflectida na memoria

## DOCUMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

### Obxectivos e contidos

Elementos	1	2	3	4	5
1. Hai unha adecuada correlación entre os obxectivos de cada ciclo e os xerais de etapa					
2. Valora o nivel de adecuación entre os obxectivos e os criterios de avaliación na Programación Docente					
3. Hai equilibrio e progresión na secuencia de contidos no ciclo					
4. Hai equilibrio e progresión na secuencia de contidos entre ciclos					
5. Conseguimos imparti-los contidos propostos na Programación Docente					
6. A secuencia de contidos da Programación Docente facilita a súa flexibilización dentro do ciclo de cara á atención á diversidade do alumnado					
7. Os contidos dos libros de texto reflicten os da Programación Docente					
8. A avaliación inicial e a información de final de ciclo facilitan a adopción de decisión respecto á necesidade de flexibiliza-la secuencia de contidos en determinados casos					
9. Nivel de conexión entre actividades complementarias e extraescolares e os obxectivos da Programación Docente					

### Criterios de avaliación

Elementos	1	2	3	4	5
1. Os criterios mínimos de avaliación refírense a competencias básicas					

2. Os criterios mínimos de avaliación reflicten unha progresión na consecución de competencias básicas entre ciclos					
3. Os criterios mínimos de avaliación son de utilidade para valora-lo coñecemento mínimo do ciclo que permita seguir con aproveitamento o seguinte ciclo					
4. Os criterios mínimos de avaliación orientan sobre o ensino do fundamental do ciclo					
5. Os criterios mínimos de avaliación orientan na toma de decisión á hora de decidir sobre a elaboración de ACS					

### Metodoloxía

Elementos	1	2	3	4	5
1. É suficiente o tempo adicado a lectura e escritura					
2. Valora o deseño e aplicación das estratexias de comprensión lectora					

**Clave:** 1= Nada; 2= Pouco; 3= Suficiente; 4= Ben; 5= Moi Ben